

Con data 18-12-2024 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) a seguinte resolución:

**“Resolución de concesión e pagamento de anticipo de axuda para a realización de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2024-25, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa de Galicia FEDER 2021-2027.**

**Expediente:** IN417Y-24A24

**Titular:** ASOCIACION FONTENOVA

**NIF:** G36838514

**Tipoloxía do Proxecto:** Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en PEMES

**Título operación:** MEJORA DE ILUMINACION

**Ubicación da operación:** VIGO

**Asunto:** Resolución da axuda.

**Data de iniciación:** 14-08-2024

**Data fin:** 15 setembro de 2025

**1. Antecedentes:**

A entidade ASOCIACION FONTENOVA solicitou axuda económica, ao abeiro da Resolución do 28 de xuño de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a realización de proxectos de aforro e eficiencia nas empresas galegas, para o ano 2024, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa de Galicia FEDER 2021-2027 e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2024-25 (DOG núm. 136 do 15/07/2024).

Segundo o artigo 19 da Resolución citada a solicitude de axuda con reserva de fondos será avaliada polos servizos do órgano instrutor do Inega en función dos datos relativos ao solicitante e ao proxecto declarados na solicitude de axuda e na documentación complementaria presentada.

Tras o informe dos servizos técnico e xurídico, se existe algún elemento de controversia, un comité de avaliación verificarán que o que se achegou é conforme ás bases.

Na tramitación do expediente cumpríronse todas as formalidades e requisitos legais establecidos.

**2. Consideracións Legais:**

A axuda está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do **Programa de Galicia FEDER 2021-2027**, dentro da seguinte clasificación: Obxectivo Político 2 (Unha Europa máis verde, baixa en carbono, en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sustentable), Prioridade de Investimento P2A (Transición verde), Obxectivo Específico RSO2.1 (Fomentar a eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro), Liña de Actuación 2.1.02 (Fomento da eficiencia enerxética), Operación “Subvencións para proxectos de aforro e

eficiencia enerxética nas empresas galegas para o ano 2024", ámbito de intervención: 038: Eficiencia enerxética e proxectos de demostración en pemes e medidas de apoio, estando sometida ao disposto no **Regulamento (UE) nº 2021/1060** do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (RDC), no **Regulamento (UE) nº 2021/1058**, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ó Fondo de Cohesión (DOUE L231, de 30 de xuño de 2021), e o resto de normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento e execución, na **Orde HFP/1414/2023**, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

Estas axudas están suxeitas ás condicións que se establecen no capítulo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por categorías), e amparase nos artigos 38 e 38 bis do citado regulamento.

O organismo que selecciona a operación e expide o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA), é o Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

O organismo intermedio baixo cuxa xestión está o beneficiario do proxecto é a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, que abarca todo o ámbito da Xunta de Galicia e os organismos dependentes.

O organismo en cuxa senda financeira está enmarcado o proxecto é a Xunta de Galicia.

O método de estimación dos custos subvencionables é o de custos reais, e terá en conta o que ven establecido nos artigos 7 e 8 das bases reguladoras.

O custe elixible da operación ascende a 17.941,25 € sendo contribución ou axuda pública 9.867,69 €. A financiación da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do Programa de Galicia FEDER 2021-2027 nun 60%, computándose como cofinanciamento nacional, o 40% restante correspondente ao investimento privado elixible dos beneficiarios.

De conformidade co disposto no artigo 30 das bases reguladoras:

*"1. Xuntamente coa solicitude de axuda, os interesados exonerados de constituír garantía, poderán solicitar un anticipo de ata o 50% do importe da subvención concedida naqueles supostos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A solicitude de anticipo e a solicitude de subvención serán obxecto dunha mesma resolución."*



Quedan exonerados de constituír garantía, os beneficiarios previstos no artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, entre os que figuran:

*"Beneficiarios das subvencións concedidas das cales os pagamentos non superen os 18.000 €."*

Os beneficiarios interesados en solicitar un anticipo que non estean exonerados de constituír garantía, o poderán solicitar no prazo máximo dun mes a contar dende a data de notificación da resolución da axuda, segundo o establecido no apartado 2 do artigo 30 das bases reguladoras.

Os datos específicos referidos ao expediente co código de solicitude IN417Y-24A24 son os seguintes:

- Tipoloxía do beneficiario: Empresa
- Tipoloxía do proxecto: Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en PEMES
- Denominación do proxecto: MEJORA DE ILUMINACION
- Novo elemento ou Substitución: Novo
- Investimento validado resolución: 30.821,11 €
- Hipotese de contraste: 12.879,86 €
- Investimento elixible: 17.941,25 €
- Intensidade de axuda: 55%
- Tamaño do beneficiario: Pequeno
- Importe da axuda concedida (FEDER-60% investimento elixible FEDER): 9.867,69 €
- Importe financiación privada elixible (40% investimento elixible FEDER): 6.578,46 €
- Solicita anticipo: Si
- Anticipo: 4.933,84 €
  
- Motivos minoración:

O proxecto de aforro e eficiencia enerxética realizarase en , provincia PONTEVEDRA e a súa actividade será 8532-EDUCACIÓN SECUNDARIA TÉCNICA Y PROFESIONAL - .

### **3. Condicións derivadas do cofinanciamento da axuda con fondos europeos:**

O beneficiario da axuda deberá cumprir todas as seguintes condicións:

1. Realizar todas as actividades ás que se comprometeron dentro do desenvolvemento do proxecto e que constan na memoria da solicitude da axuda.
2. Respetar o plan financeiro e o calendario de execución, sen prexuízo das eventuais modificacións que posibilita o artigo 23 das bases reguladoras.
3. Presentar as correspondentes xustificacións da subvención de conformidade co procedemento e nos prazos sinalados nos artigos 27 e 28 das bases reguladoras.





4. A concesión desta axuda supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións, e a ser incluído na lista de operacións que se publicará no portal da Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Hacienda y Función Pública co contido previsto no apartado 3 do artigo 49 do Regulamento (UE) nº 2021/1060. Así mesmo, debe garantirse a sostibilidade financeira para cubrir os custos de funcionamento e mantemento do proxecto durante o período de durabilidade do investimento exixido.
5. Tamén supón a súa aceptación da obriga de aplicar medidas antifraude, eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, e cumprir coa normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e a normativa sobre accesibilidade para persoas con discapacidade que resulte de aplicación.
6. A detección de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que podan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da UE. A estes efectos, a comunicación realizarse, sempre que sexa posible, por medios electrónicos a través do canal habilitado a tal efecto: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.
7. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda.
8. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención.
9. Someterse a actuacións de control e análise de riscos que podan efectuar a Autoridade de xestión do programa operativo e, no seu caso, os órganos competentes do Organismo Intermedio con axuda de ferramentas informáticas específicas da Unión Europea, en particular, a aplicación informática Arachne.
10. O beneficiario deberá informar sobre o nivel de logro do indicador de realización ao mesmo tempo que xustifica os gastos. Os indicadores de realización asociados a esta operación son:  
RCO01: Empresas apoiadas = 1  
RCO02: Empresas apoiadas a través de subvencións = 1  
  
E os indicadores de resultado:  
RCR26: Consumo anual primario de enerxía. Valor inicial: 113,707 MWh/ano Valor final: 67,396 MWh/ano.  
RCR29: Emisións de gases de efecto invernadoiro: Valor inicial: 16,00 t CO<sub>2</sub>eq/ano Valor final: 9,00 t CO<sub>2</sub>eq/ano.
11. Comunicarlle ao Instituto Enerxético de Galicia a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación





deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

12. Someterse ás actuacións de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular a intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a Autoridade de Xestión do Programa FEDER Galicia 2021-2027, a DG Regio da Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita Contra o Fraude (OLAF), a Fiscalía Europea, o Tribunal de Contas, ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, ás auditorías do organismo de auditoría do Programa ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. A tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pago ó beneficiario (artigo 82 RDC).
13. Os beneficiarios destas subvencións deberán proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión segundo o establecido no artigo 31 das bases reguladoras e no resto dos casos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
14. A detección de irregularidade pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude da devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes intereses de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda FEDER da operación.
15. Os beneficiarios das axudas deberán introducir os datos e os documentos dos que sexan responsables, así como todas as súas posibles actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos de acordo coas especificacións determinadas na convocatoria de axudas, en cumprimento do artigo 69, apartado 8 do Regulamento (UE) 2021/1060.
16. Segundo o artigo 25.6 das bases reguladoras, é necesario ter en conta que na operación que comprenda inversión en infraestrutura ou inversión produtiva, o beneficiario deberá garantir a durabilidade da operación durante os 3 anos seguintes ao pago final nos termos previstos no art. 65 do RDC.
  - a) Os beneficiarios de financiamento da UE teñen a responsabilidade xeral de comunicar e aumentar a visibilidade da UE, para iso, recoñecerán a axuda dos fondos percibidos de conformidade co expresado nos artigos 47 e 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, no apartado 10 do artigo 25 das bases reguladoras e co disposto a este efecto no Programa de Galicia FEDER 2021-2027:
    - Unha obrigaçión importante neste contexto é a exhibición correcta e nun lugar destacado do emblema europeo en combinación cunha declaración sinxela relativa ao financiamento que mencione o apoio recibido da UE ("Cofinanciado pola Unión Europea"). Á parte do emblema, non poderá utilizarse ningunha outra identidade visual nin logotipo para destacar o apoio da UE.
    - No sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais, o beneficiario deberá facer unha breve descriçión da operación, de maneira proporcionada en





- relación co nivel da axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.
- Salvo que se acorde o contrario coa autoridade outorgante, as actividades de comunicación dos beneficiarios relacionadas coa acción (incluídas as relacións cos medios de comunicación, conferencias, seminarios e material informativo – como folletos, carteis, presentacións, etc.–, en formato electrónico a través dos medios de comunicación tradicionais ou das redes sociais), así como calquera infraestrutura, equipo, vehículo, subministración ou resultado importante financiado coa subvención deberán recoñecer o apoio da UE e mostrar a bandeira europea (emblema) e a declaración de financiamento (traducida ás linguas locais, cando corresponda).
  - O emblema europeo listo para o uso, incluída a declaración de financiamento, pode descargarse, na súa versión en castelán, desde o centro de descargas da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana ([https://ec.europa.eu/rexional\\_policy/en/information/logos\\_downloadcenter](https://ec.europa.eu/rexional_policy/en/information/logos_downloadcenter)). Para a obtención da versión en galego do emblema coa declaración de financiamento deberá dirixirse á DXPCFE, que o poñerá á súa disposición.
  - Tal e como se especifica no apartado 1.c) do artigo 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, se exhibirá nun lugar ben visible para o público, polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación, onde se destaque a axuda dos fondos europeos.
  - As operacións que consistan na realización de inversións físicas e/ou compra de equipos que reciban axuda do FEDER e do Fondo de Cohesión e cuxo custo total sexa superior a 500.000 EUR, en lugar do previsto no apartado anterior, exhibirán placas ou valos publicitarias resistentes nun lugar ben visible para o público, nas que figure o emblema da Unión, de conformidade coas características técnicas que figuran no anexo IX, tan pronto como comece a execución física de operacións que impliquen investimentos físicos ou se instalen os equipos que se adquiriron e durante toda a súa execución. Ademais, no prazo de tres meses desde a finalización da execución física, se colocará un cartel ou placa permanente nun lugar ben visible para o público.
- b) Segundo o establecido no artigo 25, apartado 8 das bases reguladoras, o beneficiario comprométese a evitar os impactos negativos significativos no medio ambiente na execución das actuacións, respetando o principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (principio “Do Not Significant Harm”-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC. A tal efecto o beneficiario firmará unha declaración responsable de cumprimento do principio DNSH e no caso de proxectos que requiran execución de obra civil, achegará os xustificantes de cumprimento das condicións específicas establecidas no artigo 7, apartado 4.a) y b), tal e como se indica no “Anexo de documentación xustificativa” desta resolución.
- c) A entidade beneficiaria deberá facilitar os datos relativos ó titular real dos perceptores de financiación no caso de que, habiéndose consultado os mesmos pola administración nos distintos rexistros, estes datos non estiveran dispoñíbeis.
- d) Debido a que a presente convocatoria de axudas está incluída nun tipo de acción que inclúe operacións catalogadas de importancia estratéxica suxeitas á obrigaçión de realizar unha actividade ou acto de comunicación coa participación da comisión europea e da autoridade de xestión, as entidades beneficiarias deberán colaborar co Inega que coordinará estas



accións de comunicación e informará as entidades beneficiarias do momento e condicións en que debe realizarse dita actividade ou acto.

#### 4. Condicións de execución do proxecto:

DATA INICIO PROXECTO	DATA LÍMITE DE EXECUCIÓN	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN	CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN EN PRAZO
14-08-2024	15 de setembro de 2025	Ata o 15 de setembro de 2025	Perderase o dereito ao cobro da axuda

Os prazos de execución e xustificación do proxecto réxense polo disposto no artigo 27 das bases reguladoras da axuda, modificándose directamente se se amplían estes

#### 5. Condicións para o aboamento da subvención

Unha vez xustificada a inversión, a través da aplicación informática establecida na páxina web do inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)) ou da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), mediante a presentación da documentación indicada no artigo 29 das bases reguladoras e a través dos medios establecidos no artigo 28.1 das Bases reguladoras.

#### 6. Reclamacións

A fin de garantir o dereito á tramitación efectiva de reclamacións relativas á operación regulado no artigo 69.7 do RDC, o beneficiario deberá comunicar calquera reclamación ou litixio que afecte á operación, promovido por propia iniciativa, ou por calquera cidadán ou parte interesada, sen prexuízo da posibilidade de utilizar as canles de denuncia e os procedementos de presentación de reclamacións e queixas implantados no ámbito da Xunta de Galicia e da Administración Xeral do Estado e da posibilidade de presentar a reclamación directamente #ante a Comisión Europea.

#### 7. Recursos:

Contra esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o presidente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere pertinente ao seu dereito.

#### 8. Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
---------------	---------	------------------	------







Instituto Enerxético de Galicia	Pablo Fernández Vila	Santiago de Compostela	9 de xaneiro de 2025
---------------------------------	----------------------	------------------------	----------------------

#### Anexo de documentación xustificativa:

O método que se aplica para determinar os custes da operación é o de custes reais. A efectos informativos, indícaselle que para o aboamento da subvención deberá presentar a seguinte documentación, a través dos medios establecidos no artigo 28.1 das Bases reguladoras.

Na data establecida no artigo 27 deberá ter, nos casos en que sexa obrigatorio, autorización da posta en servizo da instalación, emitida pola consellería competente, feito que será comprobado directamente polo Inega.

Para xustificar correctamente o expediente hai que achegar COPIAS DIXITALIZADAS da documentación prevista nos artigos 29 das Bases reguladoras:

1. Facturas desagregadas por conceptos ou unidades de obra emitidas dentro da data límite de xustificación do proxecto, non admitíndose supostos de autofacturación.
2. Xustificantes bancarios dos pagamentos das facturas emitidos igualmente dentro da data límite de xustificación do proxecto.
3. Declaración expresa do beneficiario/a de que o proxecto foi executado de acordo co solicitado segundo modelo da páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)).
4. Informe técnico da actuación realizada segundo modelo da páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)).
5. Documento que acredite a existencia dunha contabilidade separada ou diferenciada para todas as transaccións relacionadas. Achegando a documentación xustificativa que corresponda.
6. Certificado do instalador/proveedor no que se indique a data de finalización da instalación/actuación subvencionada asinado polo técnico competente; en todo caso, a data de finalización da obra/actuación debe estar comprendida dentro do período de xustificación.
7. Nos casos nos que proceda xustificante de solicitude de inscrición no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria no que se recolla tanto a identificación do titular da instalación como o código de acceso, para ter a posibilidade de verificación se fose necesario.
8. Sempre que sexa obrigatorio, o beneficiario da axuda deberá contar coa autorización emitida pola consellería competente en materia de industria para a posta en servizo da instalación. No caso de que aínda non se obtivese a autorización, si deberá acreditar documentalmente a súa solicitude.
9. Memoria técnica de xustificación da publicidade de Fondos FEDER, segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)).
10. Fotografías dos equipamentos principais instalados no lugar (realizadas desde os mesmos puntos que as fotografías presentadas na solicitude), incluíndo cando proceda a placa das características técnicas dos equipos.
11. Nas actuacións de iluminación, o beneficiario deberá achegar certificado asinado por un técnico cualificado no que se relacionen as estancias reformadas (coa mesma estrutura utilizada no documento "Memoria técnica PAE\_ILU"), o seu uso, e se declare que tralas medicións realizadas se constata o cumprimento dos requisitos que se definen na norma UNE-EN 12464 (Iluminación. Iluminación nos lugares de traballo), na Guía Técnica para a avaliación e prevención de riscos relativos a utilización de lugares de traballo, se é o caso.



12. Informe xustificativo do cumprimento do proxecto do principio de non causar prexuízo significativo (DNSH) a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852

No caso de que se execute obra civil, os contratistas e subcontratistas deberán asinar e presentar unha declaración responsable do principio de non causar prexuízo significativo (DNSH) a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852, segundo o modelo dispoñible na web <https://www.inega.gal/>.

Ademais, e durante a execución do proxecto, deberán cumprir as seguintes condicións específicas:

- Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/5E2/EC) xerados na execución do presente contrato preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
- Para a execución da actuación non se utilizará amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIY do Regulamento (CE) 1907/2006.

O cumprimento das citadas condicións específicas verificarase da seguinte forma:

No caso da condición específica nº1, deberán achegarse os certificados de xestión de residuos de construción e demolición con destino á reutilización, reciclaxe e recuperación, expedidos polos xestores de destino como xustificación da entrega, incluíndo os códigos da Listaxe Europea de Residuos (LEP) e a porcentaxe de valorización alcanzado.

No caso da condición específica nº2, deberá achegarse un certificado expedido pola empresa contratista conforme para a execución do presente contrato non se utilizou amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIY do Parlamento (CE) 1907/2006.

Con carácter xeral, a documentación presentada permitirá ao Inega medir o indicador de resultado asociado a estas bases reguladoras, que son o RCR26 – Consumo anual primario de enerxía (MWh/ano) e o RCR29-Emisións de gases de efecto invernadoiro (estimadas en toneladas de CO<sub>2</sub> eq./ano).

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao Inega para que solicite de oficio os certificados de que esta o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, deberá achegar estas certificacións."

O que se notifica en cumprimento dos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A xerente

Silvia Cortiñas Fernández

